

IV

CERTAME
LIBRARIO

BASES DO CERTAME

1. O certame constará de dúas **modalidades**: poesía e microrrelato
2. Ambas modalidades estarán divididas en:
 - **Categoría A**: de 8 a 12 anos
 - **Categoría B**: de 13 a 16 anos
 - **Categoría C**: maiores de 16 anos
3. As obras presentadas deberán ser **orixinais** e estar escritas en **lingua galega**.
4. O certame está **aberto a calquera persoa** que queira participar, tanto membros da asociación coma non.
5. A obra deberá enviarse en formato pdf ao noso correo: info@corocantabile.gal.
6. As obras deberán estar firmadas baixo **pseudónimo**. Os participantes deberán rexistrar as obras presentadas no seguinte **formulario de rexistro**, no que constará o nome do autor/a, pseudónimo empregado, título da obra e datos de contacto:
<https://forms.gle/wGJjkBX6q46U78xU6>
7. A **extensión máxima** será de unha folla na modalidade de poesía e de 500 palabras na de microrrelato. **No encabezado da páxina deberá constar o título da obra, modalidade e categoría á que se presenta e o pseudónimo do autor/a. Lembra que en ningún lugar do documento deberá constar o nome do autor.**
8. Todos os participantes deberán presentar a súa obra **antes do 23 de maio de 2026**.

9. Cada participante poderá concorrer cunha única obra orixinal por categoría, escrita en lingua galega, inédita e que non fose premiada nin presentada neste ou noutros certames literarios ou concursos nacionais e internacionais.
10. A **temática** das obras presentadas deberá estar relacionada coa **música** ou facer referencia a ela.
11. O **xurado** estará conformado por:
 - i. Xulio Loureiro Louro - profesor de lingua galega, presidente do xurado.
 - ii. Isaac Martínez Bendayán - presidente da Asociación
 - iii. María José Orosa - directiva da Asociación
 - iv. Raquel Cernadas Varela - directiva da Asociación
12. O xurado emitirá o seu fallo o día **27 de maio de 2026**.
13. O premio para cada categoría será material bibliográfico adecuado a cada franxa de idade
14. O xurado reservarase o dereito de nomear *accésits*. Os premios poderán quedar desertos.
15. Os autores das obras ceden á Asociación Musical e Cultural Cantabile os **dereitos** de reprodución non exclusiva dos traballos presentados. A asociación poderá utilizar libremente as obras presentadas para a promoción do concurso, a elaboración dunha antoloxía así como outras actividades que non teñan finalidade comercial.
16. Todos os gañadores serán convidados a recitar as súas obras no **Concerto das Letras Galegas** do Coro Infantil e Xuvenil Cantabile, celebrado nunha data a determinar do mes de maio de 2026.
17. **A participación no concurso supón a aceptación expresa e sen reservas das presentes bases.**

A directiva da Asociación

A Coruña, 4 de maio de 2026.